

## *Manual de dereito galego*

---

Dirixido por **Domingo Bello Janeiro**

---

EGAP, Santiago de Compostela, 1996

A transición política acaecida en España a partir de 1976, que supuxo o paso dun Estado autoritario a un Estado demoliberal, foi unha síntese de reforma e ruptura democrática e, supuxo unha capital transformación política, mais non unha substitución do Estado español por unha nova entidade xurídico-política (razóns de seguridade xurídica, interna e internacional, esixen a continuidade xurídica do Estado español a pesar dos seus cambios xurídico-políticos, posto que se trata dunha mesma sociedade territorial soberana). O que aconteceu, a través do proceso de transición política, é a substitución da fórmula política fundamental do réxime franquista pola fórmula política constitucional demoliberal pluralista.

A Constitución, á hora de configura-lo Estado dende o punto de vista territorial inscríbese na longa lista de "Normas Fundamentais" que, con unha ou outra fórmula, abriron o paso á distribución do poder entre distintos entes territoriais que se enmarcan dentro do Estado. Agora ben, para concretar cál é a forma de Estado

adoptada, o elemento fundamental é a autonomía de nacionalidades e rexións dado o seu contido netamente político; a autonomía dos entes locais posúe unha dimensión política menor e, en consecuencia, só é un elemento auxiliar na definición da forma territorial do Estado.

A peculiaridade máis importante da Constitución española consiste en non realizar unha definición do modelo territorial adoptado. O Constituínte, en lugar de adoptar un dos modelos tradicionais de forma territorial descentralizada do Estado (Estado federal ou Estado rexional) seguiu outro camiño, que se caracteriza, basicamente, por evita-la definición da forma de Estado e deixa aberto un proceso complexo dende o punto de vista xurídico e político de concreción da organización territorial do Estado. O art. 2 da Constitución concibe a autonomía de nacionalidades e rexións como un dereito e, como tal, podía exercitarse ou non. A forma territorial do Estado só é, pois, comprensible á luz do exercicio dese dereito.

O Estado autonómico preséntase así como unha incerta aposta de futuro que o lexislador e, sobre todo, a xurisprudencia constitucional, a través de instrumentos interpretativos como o “bloque de constitucionalidade”, a “harmonización” ou o concepto de “básico” e “lexislación básica” se encargarían paulatinamente de encher de contidos.

Estamos perante unha nova realidade política, que, claro está, terá importantes consecuencias no ámbito do dereito. A función lexislativa das comunidades autónomas é a súa función política básica que xustifica o seu papel formador na sociedade. O desenvolvemento desa función durante os últimos anos en Galicia fai conveniente a elaboración de manuais coma o que se examina.

Este libro editado pola EGAP recolle en dous volumes o que se denomina como *Manual de dereito galego*. Nos seus diversos capítulos non só se estudia o dereito público galego senón tamén o dereito privado. Baixo a dirección do profesor Domingo Bello Janeiro, director da Escola Galega de Administración Pública, diversos profesores universitarios e profesionais do mundo do dereito estudian as materias que poden cualificarse como esenciais no marco do dereito galego.


A obra divídese en cinco grandes apartados: o marco constitucional do dereito galego, o marco institucional do dereito galego, a Administración pública galega, política financeira e económica da Comunidade Autónoma galega así como a actuación da Administración autonómica.

No primeiro, dende o punto de vista do dereito constitucional, estúdase o dereito galego como dereito estatutario, o tema da natureza do Estado autonómico e o valor como fonte dos estatutos

de autonomía e as leis rexionais. No segundo, o marco institucional do dereito galego, examínase a Comunidade Autónoma galega como organización institucional, o poder executivo, o poder legislativo e a súa crise, as relacións entre ámbolos poderes, o Poder executivo, é dicir, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a normativa electoral da Comunidade Autónoma galega e por último a figura do valedor do pobo como garantía institucional de protección dos dereitos fundamentais. O terceiro dos apartados, tras analiza-la relación entre Administración pública e a Constitución de 1978 invéstigase sobre o modelo de organización da Administración pública galega e sobre o Consello de Contas de Galicia como control das contas e da xestión económica do sector público.

No volume segundo desta obra recóllense os dous últimos apartados: política financeira e económica da Comunidade Autónoma galega e a actuación da Administración autonómica.

No primeiro deles os recursos autonómicos e os recursos locais, o sector público económico galego, os procedementos tributarios autonómicos e locais e a transcendencia que para Galicia ten a política rexional da Unión Europea constitúen o seu contido. No segundo e, durante máis de trescentas cincuenta páxinas, as axudas públicas, a vivenda, as augas, costas, concentración parcelaria, montes veciñais en man común, pesca, marisqueo e acuicultura, pesca marítima, medio ambiente, turismo, traballo, emprego, servizos sociais e asistencia social, industria e enerxía, consumo e publicidade e fundacións, todo isto manifestación da actuación da Administración autonómica, son obxecto dunha rigorosa análise.

En resumo os dous volumes tratan de recoller e de estudar de maneira detallada as materias que constitúen o contido máis importante do dereito galego. 

**Ignacio López-Chaves Castro**

Avogado  
Profesor de dereito  
Universidade de Vigo